

Biografía dun Carpinteiro de Ribeira

Naceu o 26 de Novembro de 1918. De neno foi mariñeiro e ós 26 anos aprendeu na de Porro para logo instalarse na Praia de Beluso.

¿De quen aprendeu este oficio? Aprendín na de Porro.

¿Foi á escola? Non había.

¿Aprendeu de outro? Non.

¿Viña de familia? Non.

¿Por qué se adicou á Carpintería de Riveira? Porque me gustaba. Había mal tempo e non se iba ó mar, cabreeime e fun onde Porro a pedirlle traballo. Gañaba 10 pesetas diarias.

¿Qué tipo de embarcacións se encargaban mais e para que artes de pesca? Cando empecei non había moito traballo. Nas décadas dos 40 e 50 fixen lanchas xeiteiras, botes polbeiros, barcos para a ardora...

Nas dos 60 e 70 na Praia de Beluso o primeiro barco que fixen foi "Dos Cuñados", barco de pasaxe que iba de Bueu á Illa de Ons. Despois foi o "Azor" que facía a mesma función. Despois fixen 2 de pesca para Raxó. Despois deses fixen xa varios tamén de pesca para Bueu, Marín, Cangas, Aldán...

¿Qué materiais se utilizaban? Os barcos facíanse de carballo e pino.

¿Onde se conseguían? Comprábanse no monte despois de mirala e selecciona-la mellor.

Proceso de construcción dunha embarcación.

Plantillas: Primeiro facía a maqueta. Pola maqueta facía o barco.

Partes: Quilla, pinchon, roda, cuadernas, cintas baous, tapas, bauces.

¿Cómo se unían as pezas? Uníanse con cravos galvanizados de distinto tamaño, dependendo da zona que fose.

Mantenemento dunha embarcación ó longo dos anos.

Traballos mais correntes. O alcatrán era o mellor naquel tempo, tamén o aceite de liñaza. Por fora minio e despois pintura na obra morta e da líña de flotación. Para baixo patente.

O mais corrente é o galfateado e o carenado e despois, dependendo de cada caso o que me fixera falta.

¿En qué estaleiros desembolveu a sua actividade? Na de Porro 2 anos. Despois marchei para a Playa de Beluso traballando con Román, un compañoiro da mesma profesión, pola nosa conta. Estivemos un ano e despois seguin só no mesmo sitio.

¿En qué sitios ou talleres se instalou na Praia de Beluso? Primeiro en Roiba e despois na de Ferradás o muelle de Ranqueta, pasei ó do Pitorro e Rebaleira.

Inventario de embarcacións, número e tipo que puido construir ó longo dos anos. 30 dornas, 25 ou 30 de pesca, 1 iate, 100 ou mais gamelas, un infinito de maquetas como por exemplo dornas, gamelas, barcos de pesca... E un un pouco especial como é o "Juan Sebastian Elcano" que en este momento está na propiedade de S.A.R. o príncipe Felipe.

